



BASES PARA A SELECCIÓN DE 21 PEONS DE OBRAS PÚBLICAS E 3 CONSERXES EN XERAL PARA A SÚA CONTRATACIÓN AO ABEIRO DA LIÑA DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE SERVIZO MUNICIPÁIS (LIÑA 4) DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA O EXERCIZO 2016 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

1 .- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes Bases regulan o procedemento selectivo para a contratación laboral temporal mediante contrato de duración determinada de 21 operarios de obras públicas e 3 conserxes, por un periodo de 6 meses e cunha xornada a tempo parcial de 35 horas semanais, ao abeiro da axuda concedida ao Concello de Marín pola Deputación Provincial de Pontevedra no marco da liña de Emprego para a Conservación e Funcionamento de servizo municipais (liña 4) do Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos de competencia municipal para o exercizo 2016.

2 .- MODALIDADE E DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato será de duración determinada, por un **periodo de 6 meses a xornada parcial de 35 horas semanais.**

3 .- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES

1.- Para ser admitidos á realización das probas de selección os aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen perxuízo do disposto no artigo 57 DO RD Lex. 5/2015 no que respecta ao acceso ao emprego público dos nacionais doutros estados.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas de peon de obras públicas e de conserxe en xeral , segundo o posto ao que se opte.
- c) Ter cumpridos dezaséis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilización forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Ser desempregado/a non perceptor/a de prestacións ou perceptor de prestacións sociais destinadas a garantir os recursos económicos mínimos de subsistencia (RISGA, RAI,



PREPARA e outros), estar inscrito/a no Servizo Público de Emprego como demandante non ocupado/a e estar dispoñible para o emprego.

2.- Os aspirantes deberán posuír todo os requisitos esixidos no apartado anterior no momento da preselección polo servizo público de emprego, no da selección polo Concello e na data da formalización da súa contratación.

4.- SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese como sistema de selección a **OPOSICIÓN**, de xeito que os candidatos amosen a súa idoneidade para os postos ofertados.

5.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E PUBLICIDADE DO MESMO

As presentes bases de selección publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

O Concello de Marín remitirá unha oferta por cada categoría profesional solicitada (PEÓN DE OBRA PÚBLICA E CONSERXE EN XERAL) á Oficina de Emprego de Pontevedra, a cal remitirá ao Concello de Marín unha relación de candidatos preseleccionados pola mesma, sendo esta oficina a responsable de preseleccionar aos candidatos que cumplan os requisitos sinalados na oferta presentada ante a mesma.

O ámbito para a xestión das ofertas será o Concello de Marín, de acordo co establecido nas bases do Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos de competencia municipal para o exercizo 2016.

Enténdese que a selección previa de candidatos por parte da oficina de emprego de Pontevedra basease nos criterios de prioridade previstos na liña de Emprego para a Conservación e Funcionamento de servizo municipais (liña 4) do Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos de competencia municipal para o exercizo 2016 da Deputación Provincial de Pontevedra (BOP Pontevedra nº 233 de 2 de decembro de 2015).

A Oficina de Emprego de Pontevedra remitirá aos candidatos por ela preseleccionados comunicación na que se lles convocará para a realización do proceso de selección no Concello de Marín.

No taboleiro de anuncios do Concello publicaranse as presentes bases así como a data e a hora de realización das probas de selección.

Os candidatos, preseleccionados pola oficina de emprego, interesados en participar no proceso selectivo convocado, deberán presentarse na data, hora e lugar que se publique no taboleiro de anuncios da Casa do Concello provistos de:

-DNI orixinal

-Declaración xurada manifestando que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.



A selección realizarase mediante unha PROBA PRÁCTICA que consistirá na realización de un ou varios exercicios relacionados coas tarefas propias da categoría profesional a que opten (de acordo cos ANEXOS I e II), a proposta do Tribunal Cualificador, no tempo que este determine.

O tribunal valorará o tempo empregado así como o nivel de execución e os obxectivos da proba. A proba calificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos para a superación da mesma. O tribunal cualificador propondrá á Alcaldía a contratación dos/as aspirantes que obtiveran maior cualificación, sen exceder do número de postos de traballo para os que se convocan estas seleccións.

No caso de que, dous ou máis aspirantes, acadasen a mesma puntuación, o empate desfarase polo Tribunal atendendo aos seguintes criterios, de acordo co previsto no apartado de Emprego para a Conservación e Funcionamento de servizo municipais (líña 4) do Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos de competencia municipal para o exercizo 2016 da Deputación Provincial de Pontevedra:

- a) As vítimas de violencia de xénero.
- b) Os candidatos maiores de 45 anos.
- c) Os candidatos que formen unha familia monoparental con fillos ó seu cargo.
- d) Os candidatos con niveis de renda máis baixa.
- e) Os candidatos con cargas familiares.

No taboleiro de anuncios publicarase anuncio do tribunal coas puntuacións acadadas polos/as candidatos/as e os/as seleccionados/as, dándoselles prazo para a aportación de documentación precisa para a formalización dos contratos.

O Tribunal na acta da última sesión incluírá unha relación de todos aqueles aspirantes que tendo superado a proba práctica non tivesen sido propostos para a súa contratación inicial, de xeito que a mesma sirva de lista de reserva para aqueles supostos en que sexa preciso realizar unha nova contratación, no caso de que algún dos aspirantes inicialmente propostos para a súa contratación renunciase á mesma ou non acreditase estar en posesión dos requisitos esixidos, ou no caso de dimisións, baixas, etc...

6.- TRIBUNÁIS CUALIFICADORES

Os Tribunais encargados da selección de dito persoal terán a seguinte composición:

- Presidente/a: un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, con titulación igual ou superior a esixida para os postos convocados.



- Secretario/a: un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, con titulación igual ou superior a esixida para os postos convocados.

- 3 Vogáis:

-dous funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, con titulación igual ou superior a esixida para os postos convocados.

-un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, con titulación igual ou superior a esixida para o posto convocado, designado pola Alcaldía a proposta da Xunta de Persoal do Concello, pero que actuará en todo caso a título individual.

A composición nominal dos membros do tribunal Cualificador, farase pública nunha Resolución da Alcaldía que será colgada no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Os Tribunais non poderán actuar ou constituírse sen a presenza , a lo menos, de tres dos seus membros (titulares ou suplentes) e coa asistencia, en todo caso, do Presidente e do Secretario (titulares ou suplentes)

Os Tribunais actuarán con suxeición ás bases de convocatoria e ao previto na Lei 30/1992 quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

7 .- ACHEGA DE DOCUMENTOS

Os aspirantes propostos polo tribunal para a súa contratación, deberán presentar a seguinte documentación no prazo de 3 días hábiles a contar dende o seguinte dende a proposta de contratación:

-DNI orixinal e fotocopia

-Tarxeta Sanitaria e fotocopia.

-Declaración responsable de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

-certificado/informe médico orixinal relativo a súa aptitude para o posto de traballo para o que resulte seleccionado.

-orixinal e fotocopia da tarxeta demandante de emprego.

-declaración xurada de cumprir todos e cada un dos requisitos esixidos para a súa contratación.



-certificación bancaria do número de conta, do que sexa titular, onde desexa que se lle aboe a nómina.

8 .- CONTRATO LABORAL

A Alcaldesa, de conformidade coa proposta vinculante do Tribunal Cualificador, dictará Resolución de contratación que se publicará no Taboleiro de anuncios e subscribirá antes do comezo da prestación do servizo, contrato de duración determinada, a xornada parcial, cos aspirantes propostos segundo dispón a lexislación laboral.

A contratación realizarase na modalidade de contrato laboral de duración determinada por obra ou servizo para realización das obras " Apoio a obras públicas", no caso dos operarios de obra públicas e "Apoio a Conserxería", no caso dos conserxes.

ANEXO I.- TEMARIO PEÓN OBRAS PUBLICAS

Tema 1.- Coñecementos básicos de albañilería. Materiaís de construción. Maquinaria, útiles e ferramentas do peón de albañilería: uso e mantemento.

Tema 2.- Coñecementos básicos de fontanería. Maquinaria, útiles e ferramentas do peón de fontanería: uso e mantemento

Tema 3.- Coñecementos básicos de xardinería. Maquinaria, útiles e ferramentas do peón de xardinería: uso e mantemento

Tema 4.- Coñecementos básicos de Limpeza. Maquinaria, útiles e ferramentas do peón de limpeza: uso e mantemento.

Tema 5.- Coñecementos básicos de pintura. Maquinaria, útiles e ferramentas de pintura: uso e mantemento.

Tema 6.- Coñecementos básicos de electricidade. Maquinaria, útiles e ferramentas de peón de electricidade: uso e mantemento.

ANEXO II.- TEMARIO CONSERXE

Tema 1.- Tareas e cometidos dos conserxes de instalacións municipais.

Tema 2.- Mantemento de edificios públicos e as súas instalacións. Nocións básicas sobre: eléctrica, aislamentos, canalizacións, fontanería, sistema de calefacción e climatización, mantemento de mobiliario e enseres, reposición de pezas, cambio de pomos, pechaduras pestillos, picaportes e bisagras, axuste de grifos e desagües, colocación de enchufes e plomos, reposición de bombillas e fluorescentes....

Tema 3.- Información e atención ó cidadán. Dereito dos cidadáns á información. O acceso a arquivos e rexistros. Os servizos de información e reclamación administrativa.

Tema 4.-. Nocións básicas sobre manexo e mantemento de fotocopiadoras, fax, teléfonos e ordenadores. Introdución de datos no ordenador. Práctica de notificacións.

En Marín a 9 de marzo de 2016.

Asdo. María Ramallo Vázquez

ALCALDESA- PRESIDENTA



